



Concello de Oleiros

Roza de soares e inmobles

O Goberno local de Oleiros lembra aos veciños e veciñas do municipio a obrigaón de manter limpas e libres de maleza as súas propiedades, xa que o incumprimento desta obrigaón supón unha violación da Ordenanza municipal de limpeza e da Lei de ordenación urbanística do me dio rural de Galicia.

As persoas propietarias dos inmobles e soares teñen o deber de mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade, limpeza e ornato público, posto que do contrario se producirían molestias e un risco para a seguridade dos veciños lindeiros e das persoas usuarias das vías públicas. O incumprimento desta normativa podería carrear sancións económicas de carácter coercitivo comprendidas entre os 300 e os 6.000 euros.

Co obxectivo de facilitar esta tarefa, o Concello de Oleiros pon a disposición de todos os veciños unha serie de contactos con per soas que se encargan de forma específica deste tipo de traballos de roza.

Listaxe de empresas e traballadores autónomos:

1. Arturo Muiños Casal: 670-529-833
2. J. Luís García Pazos: 629-850-890
3. Taboada: 607-485-444
4. Manuel García Pazos: 670-617-057
5. Forestal de Pazos S.L. :629-851-758
6. Abel Sanmartín Soria: 981-222- 166
7. Desbromonte.com 981 617- 7 87

Se algún outro veciño ou empresa do municipio se dedica a esta actividade e desexa ser incluído na listaxe municipal que confecciona o departamento de Orde Pública pode poñerse en contacto co Concello a través do portal web municipal ou a través do teléfono 981 610 000.